

A Feira do Libro de Bos Aires acolle a presentación da 'Guía ninja do ilustrador'

- Alberto Guitián, coordinador da obra e un dos seus ilustradores, presentará o manual este martes, 9 de de maio, no stand da Xunta de Galicia
- Este manual para combater as prácticas abusivas nos eidos creativos está promovido pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI)
- A versión dixital en galego e castelán pódese descargar gratuitamente no micrositio www.guianinjadoilustrador.org



Foto detalle da portada e interior desta nova edición da 'Guía ninja do ilustrador' [créditos viñetas: Guitián e Domingo]

A Coruña, 8 de maio do 2023.— A **Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI)** vai presentar este martes, 9 de maio, na **Feira do Libro de Bos Aires**, a segunda edición, revisada e ampliada, da súa **Guía ninja do ilustrador**. O acto vaise desenvolver no stand da Xunta de Galicia ás 17.30 horas (12.30 hora española) e o responsable da presentación vai ser **Alberto Guitián**, un dos ilustradores da guía e o seu coordinador. Este manual “ninja” de apoio a profesionais creativos *freelance* está dispoñible gratuitamente en formato dixital na web www.guianinjadoilustrador.org e axiña comezará a súa distribución en papel.

A maioría dos profesionais da ilustración son autónomos, o que na práctica se traduce en que operan como miniempresas. Non só teñen que crear, senón que deben afrontar cuestións máis prosaicas como a elaboración de plans de empresa, o negocio de proxectos, a estimación de orzamentos ou a redacción de contratos e facturas. Tamén deben coñecer a fondo os dereitos e deberes da súa creación artística para protexela e poder explotala. E, por se non abundase, han de se manexar nun mercado complexo e protexerse de prácticas abusivas. Para sortearen con éxito estas dificultades, os ilustradores *freelance* precisan adestramento e habilidades ninja.

En 2016, a primeira edición da **Guía ninja do ilustrador** veu encher o baleiro sobre estas cuestións dun xeito áxil, con abundantes ilustracións, infografías e enlaces a recursos útiles para os creativos *freelance*. A nova edición mantén a estrutura de decálogo da súa predecesora pero ve a luz con novidades relativas tanto ao continente como ao contido. Así, desta volta incorpóranse dez viñetas ilustradas por José Domingo e Alberto Guitián que xogan coa estética e o imaxinario xaponés. A versión animada destas viñetas estase a difundir nas redes sociais da AGPI como minicápsulas de vídeo.

No que respecta aos contidos, trátanse temas como os concursos especulativos, isto é, os certames abusivos ou non-éticos, ou cuestións de actualidade como o novo sistema de cotas de autónomo, máis equitativo pero ao mesmo tempo máis embrollado ca o anterior. Non falta na **Guía ninja do ilustrador** unha parte dedicada ás intelixencias artificiais gráficas, sistemas cun desenvolvemento exponencial que poñen en serio perigo a subsistencia de moitos creadores.

O lanzamento da primeira edición da guía estivo marcado por unha extraordinaria acollida, da que dan conta as cifras acadadas: superáronse máis de 25 000 descargas da versión dixital e o milleiro de exemplares impresos esgotouse en poucos meses. Ademais, foi moi ben acollida por outras asociacións europeas e mesmo traducida ao italiano e ao turco. O seu lanzamento complementouse con exposicións e charlas en escolas de arte e deseño galegas. As claves do seu éxito vertebráronse nunha comunicación áxil, onde o humor e o tratamento visual se aliaban para tratar problemáticas globais comúns a case todos os creadores *freelance*.

Agora, sete anos máis tarde, chega esta nova edición, que baixo o lema ‘Máis ninja, my friend’ segue a combater os principais perigos e problemas que rodean a profesión e proporciona ideas sobre como facerlles fronte. A **Guía ninja do ilustrador** tamén vai dirixida a estudantes de arte, creativos *freelance*, clientes, amigos da ilustración e, sobre todo, ás persoas que comezan ou queren comezar na profesión. O proxecto está editado coa axuda da **Deputación da Coruña** e conta co apoio da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia**.

As versións en PDF da guía en galego e en castelán están dispoñibles para a súa descarga gratuíta no micrositio www.guianinjadoilustrador.org. A versión impresa, editada en galego, estará á venda a un prezo simbólico de un euro (1 €) en librarías e espazos culturais, e distribuirase de xeito gratuíto nas escolas de arte de Galicia. A lista completa de puntos de venda publicárase a partir da segunda

quincena de maio. Alén diso, a páxina actualizarase coas novidades relacionadas cos temas da guía, que tamén se van difundir a través da web da AGPI e as súas redes sociais.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Bea Pérez e Lucía Pita

Tel. 604 070 409 - 675 404 321

Mail: bea@theofficeco.es - lucia.pita@theofficeco.es

PRESENTACIÓN FEIRA DO LIBRO DE BOS AIRES

Martes 9 de maio ás 17.30 h (12.30 hora española)

Stand da Xunta de Galicia (nº 1601)

DESCARGA DA GUÍA 'NINJA DO ILUSTRADOR'

www.guianinjadoilustrador.org

TRÁILER ANIMADO

<https://youtu.be/4pKx44B839w>

DESCARGA DO PRESS KIT DA 'GUÍA NINJA DO ILUSTRADOR'

(Nota de prensa, viñetas, fotos)

<https://cutt.ly/GuiaNinjallustrador>

WEB DA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN AGPI

<https://agpi.es/>

